



BRAGA, Novembro 2016

Notas de prensa

Inauguración da exposición Manuel Rodríguez López en Braga

O xoves 3 de novembro preséntase ao público na Biblioteca Lúcio Craveiro da Silva, en Braga, a exposición MANUEL RODRÍGUEZ LÓPEZ, sobre a vida e obra do escritor de Paradela, fillo predilecto do Concello, que da nome á Casa municipal de Cultura e ao Certame Literario, xa na XXI edición.



A mostra forma parte do Proxecto Manuel Rodríguez López, emprendido por GaliciaDigital e a familia do escritor, co apoio do Concello de Paradela, a Xunta de Galicia (Secretarías Xerais de Política Lingüística e de Cultura), a Deputación Provincial de Lugo (Delegación de Cultura), o Concello de Lugo e a Real Academia Galega. Ademais, incorpórase a esta edición como entidade co-patrocinadora o Consello Regulador da Denominación de Orixe Ribeira Sacra.

Esta mostra itinerante percorreu xa numerosas cidades e localidades galegas, visitou a Casa de Galicia en Madrid e os Centros Galegos de Barcelona, Salamanca, León ou Vitoria, e tamén o Centro Galego de Lisboa, o que supuxo un fito importante no desenvolvemento e expansión deste proxecto.

A exposición está composta por oito paneis dobres, nos que se reflicte a vida e obra do escritor paradelense, considerado o mellor poeta obreiro galego do século XX, que escribiu en Catalunya a maior parte da súa obra, e foi, ademais dun grande animador das actividades galegas en Catalunya, o vínculo perfecto entre Galicia e os galegos emigrantes no País catalán.

Neste acto tamén se presentarán a reedición do folleto que presenta os contidos completos da exposición, e a segunda edición da Antoloxía Poética de Manuel Rodríguez López, coordinada por Xesús Alonso Montero e Santiago Rodríguez.

GaliciaDigital, 2016-11-02



galiciaaberta



XUNTA DE GALICIA

PRESIDENCIA

Secretaría Xeral da Emigración

Exposición 'Manuel Rodríguez López. Emigrante galego. Poeta obreiro', en Braga

Do mércores 2 ao sábado 19 de novembro, na Biblioteca Lúcio Craveiro da Silva de Braga, estará exposta a mostra itinerante *Manuel Rodríguez López. Emigrante galego. Poeta obreiro*.

- A exposición forma parte do proxecto *Manuel Rodríguez López* que GaliciaDigital e a familia do escritor emprenderon en 2012 con apoio institucional dos Concellos de Paradela e Lugo, a Deputación de Lugo e a Secretaría Xeral de Política Lingüística
- Manuel Rodríguez López foi un emigrante galego que con tan só seis anos emigrou a Barcelona onde viviu a maior parte da súa vida. Durante os longos anos de migración en terras catalás, non perdeu nunca a súa identidade galega. Isto quedou reflectido na súa produción literaria que inclúe poesía, prosa e tradución. A aportación deste intelectual lugués en relación aos galegos e as galegas na diáspora catalá foi fundamental durante os anos da transición. Como Cronista Oficial do Centro Galego de Barcelona e como correspondente en Barcelona de diversos xornais galegos, plasmou en gran cantidade de artigos os actos culturais e sociais das e dos emigrantes galegos e colaborou decisivamente en unir a cultura galega e a catalá
- Esta é unha mostra itinerante que xa pasou por varias vilas e cidades das catro provincias galegas así como en Madrid, Barcelona e Lisboa
- Máis info no [Facebook](#)



Evento: Exposición

Organiza: Centro de Estudos Galegos - Universidade do Minho
Biblioteca Lúcio Craveiro da Silva

Data: 02.11.2016 - 19.11.2016

Lugar: Biblioteca Lúcio Craveiro da Silva
Rua de S. Paulo, nº1
Braga - 4700-042
Portugal



Exposición en Braga da vida e obra do escritor Manuel Rodríguez López

2 novembro, 2016



Hoxe vaise presentar ao público na Biblioteca Lúcio Craveiro da Silva, en Braga, a exposición Manuel Rodríguez López, sobre a vida e obra do escritor de Paradela, fillo predilecto do Concello, que da nome á Casa municipal de Cultura e ao Certame Literario, xa na XXI edición.

A mostra forma parte do **Proxecto Manuel Rodríguez López** emprendido por GaliciaDigital e a familia do escritor, co apoio do Concello de Paradela, a Xunta de Galicia (Secretarías Xerais de Política Lingüística e de Cultura), a Deputación Provincial de Lugo (Delegación de Cultura), o Concello de Lugo e a Real Academia Galega. Ademais, incorpórase a esta edición como entidade copatrocinadora o Consello Regulador da Denominación de Orixe Ribeira Sacra.

Esta mostra itinerante percorreu xa numerosas cidades e localidades galegas, visitou a Casa de Galicia en Madrid e os Centros Galegos de Barcelona, Salamanca, León ou Vitoria, e tamén o Centro Galego de Lisboa, o que supuxo un fito importante no desenvolvemento e expansión deste proxecto.

A exposición está composta por oito paneis dobres, nos que se reflicte a vida e obra do escritor paradelense, considerado o mellor poeta obreiro galego do século XX, que escribiu en Catalunya a maior parte da súa obra, e foi, ademais

dun grande animador das actividades galegas en Catalunya, o vínculo perfecto entre Galicia e os galegos emigrantes no País catalán.

Neste acto tamén se presentarán a reedición do folleto que presenta os contidos completos da exposición, e a segunda edición da Antoloxía Poética de Manuel Rodríguez López, coordinada por Xesús Alonso Montero e Santiago Rodríguez.

Máis información: en www.manuelrodriguezlopez.org



Exposición en Braga da vida e obra do escritor Manuel Rodríguez López added by [Redacción](#) on 2 noviembre, 2016



[Principal](#) / [Notícias](#) / Biblioteca Lúcio Craveiro da Silva recebe exposição sobre o poeta Rodríguez López

Biblioteca Lúcio Craveiro da Silva recebe exposição sobre o poeta Rodríguez López

[Braga TV](#) Novembro 2, 2016 [Notícias](#) Comentários fechados em Biblioteca Lúcio Craveiro da Silva recebe exposição sobre o poeta Rodríguez López

MANUEL RODRÍGUEZ LÓPEZ

Emigrante galego. Poeta obreiro

EXPOSIÇÃO GRATUITA NA **BIBLIOTECA LÚCIO CRAVEIRO DA SILVA**

ENTRE O **2** E O **19** DE **NOVEMBRO**

Organizam





A exposição “Manuel Rodríguez López: emigrante galego, poeta obreiro”, sobre o humanista ímpar da Galiza do século XX, é inaugurada esta quinta-feira, pelas 18h30, na Biblioteca Lúcio Craveiro da Silva (BLCS).

A sessão prevê a presença do secretário-geral de Política Lingüística da Galiza, Valentín García Gómez, do alcaide de Paradela, José Manuel Mato Díaz, do diretor da Galicia Dixital, Antonio Giz, do presidente do Instituto de Letras e Ciências Humanas da Universidade do Minho, João Cardoso Rosas, do leitor do Centro de Estudos Galegos da UMinho, Fernando Groba, e da diretora da BLCS, Aida Alves. A exposição – que assinala 25 anos da morte do poeta, cronista e tradutor – inclui 16 painéis, livros e conteúdos audiovisuais. Tem entrada

livre e está patente até 19 de novembro, após ter passado por localidades de Lugo, Santiago de Compostela, Pontevedra, Catalunha e por Lisboa.

Manuel Rodríguez López (1934-90) viveu em Barcelona desde os 6 anos e regressou a Lugo em 1987. Cursou Humanidades e Filosofia, bem como Contabilidade e Legislação Laboral. Foi chefe de recursos humanos na indústria sidero-metalúrgica, mas destacou-se sobretudo pelo seu legado na cultura da Galiza, da sua comunidade em Barcelona e dos emigrantes galegos no mundo. O autor de “Saudade no bulieiro” ou “Reencontro coa aldea” venceu os prémios literários Meigas e Tragos de Sarria, Xosé María Chao Ledo, Certame de Begonte, Nós de Barcelona e Barrakaldo.

Teve poemas musicados e cantados por Suso Vaamonde e Mary Otero Rolle, entre outros. Colaborou assiduamente com a comunicação social de Espanha e Argentina, como “Faro de Vigo”, “Radio Nacional de España” e “Correo de Galicia”. Foi ainda nomeado “Lucence do Ano 1989” e “Filho Predileto de Paradela”, a sua terra natal, onde foi também criado com o seu nome um centro sociocultural e um premio literário, o qual leva já 20 edições.

Inaugurada la exposición sobre Manuel Rodríguez López en la Biblioteca Lúcio Craveiro da Silva, en Braga



[Inaugurada la exposición sobre Manuel Rodríguez López en la Biblioteca Lúcio Craveiro da Silva, en Braga](#)

04 Nov 16 [Proyectos](#)

El jueves 3 de noviembre fue inaugurada en la Biblioteca Lúcio Craveiro da Silva, en Braga, la exposición MANUEL RODRÍGUEZ LÓPEZ, sobre la vida y obra del escritor de Paradela.

En este acto también se presentaron la reedición del folleto que presenta los contenidos completos de la exposición, y la segunda edición de la Antoloxía Poética de Manuel Rodríguez López, coordinada por Xesús Alonso Montero y Santiago Rodríguez.

En la inauguración participaron Antonio Giz (director de GaliciaDigital), José Manuel Mato (Alcalde de Paradela), Xulio Xiz (amigo de Manolo Rodríguez), Aida Alves (Directora da Biblioteca Lúcio Craveiro da Silva), Firmino Marques (Vice-Presidente da Câmara de Braga), Joao Cardoso (Presidente do Instituto de Letras e Ciências Humanas da Universidade do Minho) e Fernando Groba (lector do Centro de Estudos Galegos).

La muestra forma parte del PROYECTO MANUEL RODRÍGUEZ LÓPEZ, emprendido por GaliciaDigital y la familia del escritor, con el apoyo del Ayuntamiento de Paradela, la Xunta de Galicia (Secretarías Xerais de Política Lingüística y de Cultura), la Diputación Provincial de Lugo y la Real Academia Gallega. A estas entidades se une ahora el Consello Regulador da Denominación de Orixe Ribeira Sacra, como nuevo co-patrocinador del proyecto.

Esta exposición itinerante recorrió ya numerosas ciudades y localidades gallegas, visitó la Casa de Galicia en Madrid y los Centros Gallegos de Barcelona, Salamanca, León o Vitoria, y en el mes de octubre llegó a Portugal, concretamente al Centro Galego de Lisboa, lo que supone un hito muy importante en el desarrollo y expansión de este proyecto

Está compuesta por ocho paneles dobles, en los que se refleja la vida y obra del escritor paradelense, considerado el mejor poeta obrero gallego del siglo XX, que escribió en Catalunya la mayor parte de su obra, y fue además de un gran animador de las actividades gallegas en esta comunidad, el vínculo perfecto entre Galicia y los gallegos emigrantes en el País catalán.

Manuel Rodríguez López es también hijo predilecto del Ayuntamiento de Paradela, y da nombre a la Casa Municipal de Cultura y a un Certamen Literario del que se está celebrando la XXI primera edición.

Más información: www.manuelrodriguezlopez.org

BIBLIOTECA LÚCIO CRAVEIRO DA SILVA

Biblioteca Lúcio
Craveiro da Silva

@biblioteca.blcs

Inicio

Información

Fotos

Opiniones

Eventos

Videos

Catálogo Bibliográfico

Publicaciones

Comunidad

Crear una página

Me gusta Seguir Compartir



Biblioteca Lúcio Craveiro da Silva

4 de noviembre de 2016 ·

Inauguração da exposição sobre Manuel Rodríguez López. Emigrante galego, poeta obreiro. Em exposição na biblioteca Lúcio Craveiro da Silva até ao dia 19 de novembro.

Ver traducción



Abierta la exposición sobre la obra de Manuel Rodríguez López en Braga

5 noviembre, 2016 Comentarios desactivados en Abierta la exposición sobre la obra de Manuel Rodríguez López en Braga

La exposición de la obra de Manuel Rodríguez López, escritor de Paradela quedó abierta en la ciudad portuguesa de Braga.

En este acto también se presentaron la reedición del folleto que presenta los contenidos completos de la exposición, y la segunda edición de la Antoloxía Poética de Manuel Rodríguez López, coordinada por Xesús Alonso Montero y Santiago Rodríguez.

En la inauguración participaron Antonio Giz (director de GaliciaDigital), José Manuel Mato (Alcalde de Paradela), Xulio Xiz (amigo de Manolo Rodríguez), Aida Alves 1 (Directora da Biblioteca Lúcio Craveiro da Silva), Firmino Marques (Vice-Presidente da Câmara de Braga), Joao Cardoso (Presidente do Instituto de Letras e Ciências Humanas da Universidade do Minho) e Fernando Groba (lector do Centro de Estudos Galegos).

La muestra forma parte del «Proyecto Manuel Rodríguez López», emprendido por GaliciaDigital y la familia del escritor, con el apoyo del Ayuntamiento de Paradela, la Xunta de Galicia (Secretarías Xerais de Política Lingüística y de Cultura), la Diputación Provincial de Lugo y la Real Academia Gallega. A estas entidades se une ahora el Consello Regulador da Denominación de Orixe Ribeira Sacra, como nuevo co-patrocinador del proyecto.

Esta exposición itinerante recorrió ya numerosas ciudades y localidades gallegas, visitó la Casa de Galicia en Madrid y los Centros Gallegos de Barcelona, Salamanca, León o Vitoria, y en el mes de octubre llegó a Portugal, concretamente al Centro Galego de Lisboa, lo que supone un hito muy importante en el desarrollo y expansión de este proyecto

Está compuesta por ocho paneles dobles, en los que se refleja la vida y obra del escritor paradelense, considerado el mejor poeta obrero gallego del siglo XX, que escribió en Catalunya la mayor parte de su obra, y fue además de un gran animador de las actividades gallegas en esta comunidad, el vínculo perfecto entre Galicia y los gallegos emigrantes en el País catalán.

Manuel Rodríguez López es también hijo predilecto del Ayuntamiento de Paradela, y da nombre a la Casa Municipal de Cultura y a un Certamen Literario del que se está celebrando la XXI primera edición.

Máis información en www.manuelrodriguezlopez.org

Abierta la exposición sobre la obra de Manuel Rodríguez López en Braga added by [Redacción](#) on 5 noviembre, 2016

Xornal *de* Lugo

DIARIO ENCOL DE LUGO E A SÚA PROVINCIA

Inaugurada a exposición sobre Manuel Rodríguez López en Braga



Cultura

Inaugurada a exposición sobre Manuel Rodríguez López en Braga

O xoves 3 de novembro inaugurouse na Biblioteca Lúcio Craveiro dá Silva, en Braga, a exposición MANUEL RODRÍGUEZ LÓPEZ, sobre a vida e obra do escritor de Paradela. Neste acto tamén se presentaron a reedición do folleto que presenta os contidos completos da exposición, e a segunda edición da Antoloxía Poética de Manuel Rodríguez López, coordinada por Xesús Alonso Montero e Santiago Rodríguez. Na inauguración participaron Antonio Giz (director de GaliciaDigital), José Manuel Mato (Alcalde de Paradela), Xulio Xiz (amigo de Manolo Rodríguez), Aida Alves (Directora da Biblioteca Lúcio Craveiro dá Silva), Firmino Marques (Vice-Presidente da Cámara de Braga), Joao Cardoso (Presidente do Instituto de Letras e Ciências Humanas da Universidade do Minho) e Fernando Groba (lector do Centro de Estudos Galegos).

A mostra forma parte do PROXECTO MANUEL RODRÍGUEZ LÓPEZ, emprendido por Galicia Digital e a familia do escritor, co apoio do Concello de Paradela, a Xunta de Galicia a Deputación de Lugo e a Real Academia Galega. A estas entidades únese agora o Consello Regulador da Denominación de Orixe Ribeira Sacra, como novo co- patrocinador do proxecto. Esta exposición itinerante percorreu xa numerosas cidades e localidades galegas, visitou a Casa de Galicia en Madrid e os Centros Galegos de Barcelona, Salamanca, León ou Vitoria, e no mes de outubro chegou a Portugal, concretamente ao Centro Galego de Lisboa,

o que supón un fito moi importante no desenvolvemento e expansión deste proxecto Está composta por oito paneis dobres, nos que se reflicte a vida e obra do escritor paradelense, considerado o mellor poeta obreiro galego do século XX, que escribiu en Catalunya a maior parte da súa obra.

Inaugurada en una biblioteca de Braga la muestra sobre Manuel Rodríguez López

Paradela

DELEGACIÓN

SARRIA. La exposición sobre el escritor e Hijo Predilecto de Paradela Manuel Rodríguez López fue inaugurada ayer en la biblioteca Lúcio Craveiro da Silva, en Braga (Portugal).

Estaba previsto que también se presentara la reedición del folleto que recoge los contenidos de la muestra y la antología poética del autor. Esta última publicación es coordinada por Xesús Alonso Montero y Santiago Rodríguez.

La exposición, que podrá visitarse en la biblioteca hasta el día 19, está compuesta por ocho paneles en los que se hace un recorrido por la vida y la obra del paradelense.

Portugalegos



Xulio Xiz

oxoves inaugurouse en Braga a mostra Manuel Rodríguez López, na Biblioteca Lucio Craveiro da Silva, nun acto entrañable entre portugueses e galegos, organizado por Fernando Groba, lector de Galego naquela Universidade, no que varias veces saíu a relucir a unión que o Río Miño fai entre Galicia e o norte de Portugal (O Miño), da que un dos signos máis ostensibles é precisamente o idioma.

Pódensenos escapar algúns matices pero o significado das palabras e das intencións é perfectamente perceptible, e coido que os portugueses do norte senten un agarimo especial por Galicia, e os galegos notamos que os portugalegos somos moito máis parecidos entre nós, ca nós con algúns recantos do territorio español, se non fose por séculos de unión sociopolítica.

Un portugalego (portugués, de nai de Nigrán), Fernando Pena, leu o poema A Emigrante, co que Manolo Rodríguez gañou en 1977 o primeiro premio do Certame de Vilalba, percibindo todos os presentes que temos similares sentimentos de amor á terra, da saudade, da tremenda carga da emigración para un pobo, e de ansias de cultura e de irmandade. Hai días un portugués de Madeira pedíame desculpas no seu idioma por falar tan mal o español, ao que repliquei que falaba un español perfecto, con acento portugués, xa que o noso galego e tan español coma o castelán, e fainos aínda mais irmáns dos irmáns de máis aló do Miño.

Cada vez que vou a Portugal volvo para Lugo máis galego, confortado pola hospitalidade, o sorriso, a palabra, a paisaxe e algo indefinible que nos embarga e integra nesa dimensión humana da que participamos os Portugalegos.

BIBLIOTECA

EXPOSIÇÃO ATÉ 19 DE NOVEMBRO SOBRE O POETA RODRÍGUEZ LÓPEZ

HOJE A exposição "Manuel Rodríguez López: emigrante galego, poeta obreiro", sobre o humanista ímpar da Galiza do século XX, é inaugurada hoje, pelas 18h30, na Biblioteca Lúcio Craveiro da Silva, em Braga.

A sessão prevê a presença do secretário-geral de Política Linguística da Galiza, Valentín García Gómez, do alcaide de Paradela, José Mato Díaz, do diretor da Galicia Dixital, Antonio Giz, do presidente do Instituto de Letras e Ciências Humanas da UMinho, João Cardoso Rosas, do leitor do Centro de Estudos Galegos, Fernando Groba, e da diretora da Biblioteca, Aida Alves.

A exposição – que assinala 25 anos da morte do poeta, cronista e tradutor – inclui 16 painéis, livros e conteúdos audiovisuais, tendo passado por Lugo, Santiago de Compostela, Pontevedra, Catalunha e Lisboa.



ESCRITO DA FAMILIA DE MANUEL RODRIGUEZ LOPEZ

Benqueridas amigas e amigos:

O Proxecto Manuel Rodríguez López, promovido por GaliciaDixital, convócanos hoxe en Braga, neste acto de presentación da Exposición itinerante do poeta de Paradela. A familia de Manolo sentimos orgullo de que a vida e obra do noso poeta obreiro, emigrante galego e Fillo Predilecto de Paradela se dea a coñecer hoxe na importante Biblioteca Lúcio Craveiro da Silva. Hoxe é Braga, (historia, presente e futuro dun Portugal irmán e amigo), a cidade que tan garimosamente abre as súas portas a esta exposición feita realidade gracias ó Centro de Estudos Galegos de Braga - Universidade do Minho - ós que agradecemos fondamente a súa hospitalidade.

Os que non coñecedes a MRL, podedes descubrir a súa vida e a súa obra a través dos paneis desta exposición itinerante. Nacemento en Randulfe (Paradela), emigración a Barcelona cando tiña 6 anos, estudo dunha carreira sacerdotal que non remataría, matrimonio con Irene López Gómez, pai de dous fillos, xefe de personal dunha industria siderometalúrxica que máis tarde o deixaría no paro laboral, son algunhas das pinceladas vitais en forma de texto e imaxes que se fan visibles ós curiosos da vida dun escritor comprometido con Galicia. Un poeta obreiro que foi testemuña (agora novamente de actualidade) dos acedos dos emigrantes, do traballo na gran cidade. Un narrador da saudade pola súa terra natal. Un cronista de tódolos actos dos galegos en Catalunya. Un viaxante xunto con Anxel Fole nas vacacións en Galicia. Un tradutor da meirande obra da poesía catalana. Un xove que quere medrar como escritor galego buscando o contacto epistolar con persoeiros da literatura galega, entablando amizade con Ramón Cabanillas, Otero Pedrayo, Celso Emilio Ferreiro, Ramón Piñeiro, Manuel Puente, Manuel María, Alonso Montero, Filgueira Valverde, e un longo etc. Un home que, segundo os que o coñeceron, foi bo e xeneroso, e, en verbas de Xulio Xiz, excelentísimo e señor. Un bo escritor, que coidamos merece ser máis coñecido polos galegos por ser un bo exemplo de bonhomía e galeguidade.

Deixounos un legado en forma de poesías, narracións, crónicas, traducións, audios e videos, todo elo accesible na súa páxina web, importante polo contido e polo deseño. Unha páxina web, feita por Antonio Giz, que nos achega con fidelidade á vida e obra de Manolo e que estimula e posibilita profundizar o que foi e o que fixo o Fillo Predilecto de Paradela.

Esta páxina web foi o primeiro froito do Proxecto Manuel Rodríguez López, pero non o único nen o último. O proxecto é obra dos amigos Xulio Xiz e Antonio Giz de GaliciaDixital, idearios e impulsores deste proxecto multidimensional, e tamén existe gracias ó apoio do Concello de Paradela, a Xunta de Galicia, a Deputación de Lugo, o Concello de Lugo e a Real Academia Galega. Parte fundamental do recoñecemento público a Manuel Rodríguez é o seu íntimo amigo Xesús Mato, inspirador do Proxecto e tantas outras iniciativas, sendo un dos principais motores do Certame Literario Manuel Oreste Rodríguez López de Paradela.

O apoio do Concello de Paradela foi e é fundamental para que a memoria de Manolo perviva nestas últimas décadas despois do seu pasamento en 1990. Son innumerables os actos de recoñecemento a Manolo desde Paradela e, sempre detrás deles, sempre promovéndoos, atópase o bo facer do seu Alcalde, o noso amigo José Manuel Mato Díaz. O amor amosado

por Manuel Rodríguez López cara Paradela durante toda a súa vida vese plenamente recompensado por Paradela, que o nomeou Fillo Predilecto, deulle o seu nome ó Centro Sociocultural de Paradela, acolle os seus restos mortais no panteón de paradelenses ilustres, financia innumerables iniciativas para honrar a súa memoria e convoca dende 1995 ininterrompidamente un recoñecido Certame Literario que leva o seu nome. A Xunta de Galicia é fundamental neste Proxecto. Ata tres altos cargos da Xunta apoiaron materialmente o proxecto e a presentación da exposición coa súa presenza en diversas cidades. O Conselleiro de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria, D. Xesús Vázquez Abad, o Secretario Xeral de Cultura Anxo Lorenzo e o Secretario Xeral de Política Lingüística Valentín García son unha mostra do decidido apoio do Proxecto MRL pola máxima institución dos galegos, a Xunta de Galicia. Destacar o apoio incondicional de Valentín García, pilar fundamental deste proxecto que nos regala garimosamente a súa amizade verdadeira, o seu apoio material e a súa presenza na práctica totalidade dos actos en lembranza de Manolo.

Tamén agradecemos á Deputación de Lugo e ó Concello de Lugo. E de xeito especial á Real Academia Galega por medio do seu Presidente, amigo e mestre de Manolo Rodríguez, o catedrático D Xesús Alonso Montero, verdadeiro estandarte na honra de Manolo tanto en vida como nesta nova vida que Manolo Rodríguez está a vivir vencendo a negra sombra.

E quixeramos rematar dándolle as gracias a MR por ser bo marido e bo pai, un bo home que tamén destacou polo seu esforzo constante, polo seu traballo decidido en prol de Galicia, da súa capital espiritual, Paradela, e da literatura. Non só foi un traballador infatigable, senón que tamén gardou e clasificou metódicamente a súa obra, facendo moito máis sinxela a recolección do material presentado nesta exposición e no seu portal web.

A súa obra acompáñanos día a día. O relela sorpréndenos con nova información que se axeita ó noso sentir diario. No seu libro Galegos en Catalunya, Manolo sintetiza a mensaxe do doutor López Nogueira nunha conferencia na que fala do sentimento fundamental do emigrante, a saudade. Di así:

A Saudade está moi ben estudiada por humanistas galegos e portugueses; pero especialmente por Ramón Piñeiro. A Saudade é un sentimento metafísico; é un sentimento da individualidade do home. O home cando nace non é unha pedra que cae do ceo á terra; o home xurde no medio do mundo que tende a individualizarse. O home e o mundo son unha mesma cousa; pero o home ten a dimensión do mundo que tende á individualidade. A individualidade é todo aquilo que non se pode dividir. Esta vivencia é a Saudade, vivencia da propia persoalidade: O «Eu». Na vida cotián o home xamais se escinde na súa persoalidade se é un home sano. Se se poidera dividir perdería o básico, esa vivencia que nos di que «eu son sempre o mesmo, onte, hoxe e mañá». Sentimentalmente esa vivencia é a Saudade.

Aínda que saudoso, seguro que o noso poeta hoxe disfruta connosco gracias ós seus ollos da alma e a traveso dos nosos corazóns. Nós aproveitamos para darlle as gracias por depositar nos seus amigos en vida as sementes que están a xermolar vizosas, burlando a negra sombra.

Inauguración da Exposición Itinerante en Braga (Novembro 2016)

